

ANUNCIO

RELATIVO ÁS PROBAS SELECTIVAS PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN E EN QUENDA LIBRE, DE 7 PRAZAS DE TÉCNICO/A EN XARDÍN DE INFANCIA (UNHA DELAS RESERVADA A DISCAPACITADOS/AS) VACANTES NO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Á vista dos escritos presentados no Rexistro Xeral deste Concello por tres opositoras do mencionado proceso selectivo, con data do 23 de decembro de 2013, polo que solicitaban a recusación dun membro, vogal, do Tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión de 7 prazas de Técnico/a en Xardín de Infancia (unha delas reservada a discapacitados/as).

Tendo en conta o disposto nos artigos 29 e 77 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, o Tribunal, na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2013, acordou elevar á Xunta de Goberno Local ás solicitudes de recusación presentadas, mantendo en suspenso as súas actuacións en tanto a Xunta de Goberno Local non se pronuncie ó respecto das mesmas.

Polo anteriormente exposto e, de acordo co disposto no artigo 77 de Lei 30/1992, de 26 de novembro, segundo o cal, as cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiren á nulidade das actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a recusación, **o proceso selectivo para a cobertura de 7 prazas de Técnico/a en Xardín de Infancia (unha delas reservadas a discapacitados/a) atopase en suspenso, en tanto, a Xunta de Goberno Local non se pronuncie respecto ás solicitudes de recusación presentadas.**

De igual xeito, ponse de manifesto que, con anterioridade á presentación dos escritos de recusación, estíbese a producir unha dilación do proceso selectivo debido as múltiples e reiteradas alegacións presentadas por distintas opositoras, ás cales, foron sucesivamente resoltas por parte do Tribunal cualificador, provocando un retraso na cualificación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

Lugo, 31 de xaneiro de 2014
O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

Asdo.: José Antonio Carro Asorey